



ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA ÓS CONCELLOS
UNIDADE DE PLANS ESPECIAIS

BASES DA CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

ANO 2016

1.- Exposición de motivos

A extraordinaria sangría demográfica que historicamente padecemos, agudizada nos derradeiros anos como acaba de confirmar o INE con ocasión da aprobación das cifras oficias dos Padróns municipais de habitantes a 31 de decembro de 2015, pon en serio perigo o desenvolvemento económico da provincia.

As persoas son o noso principal activo e a elas deben estar dedicados todos os nosos esforzos, non soamente porque os programas de actuación da Deputación deban ser coherentes coa finalidade institucional básica da mesma: garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, asegurando a prestación integral dos servizos locais básicos; senón porque estamos convencidos da necesidade que quebrar esta tendencia, na medida en que a mesma constitúe unha condición, non suficiente, pero si necesaria, para o desenvolvemento económico e social da nosa Provincia, constitúe unha prioridade da Deputación Provincial compartida pola maioría dos lugueses/as.

Neste contexto, a Deputación Provincial de Lugo entende que as Administracións Públicas deben converterse no motor que lidere e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia.

É precisamente esta perspectiva a que dota de sentido e xustificación ao programa de mellora da mobilidade rural e a posta en valor dos centros socioculturais da provincia, acción de fomento que se articula mediante a concesión de subvencións en concorrencia competitiva que se regulan polas presentes bases.

A Deputación Provincial de Lugo, no marco de competencias que lle outorgan os artigos 31 e 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, así como polo artigo 114 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, polos que se encomendan ás Deputacións Provinciais *“a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”* e que *“con esta finalidade, as Deputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus fondos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos”*.

A Liña 1 ten por obxecto a conservación e mellora da mobilidade, accesibilidade e recuperación integral do noso medio rural no marco parroquial.

A mellora e adecuada conservación das vías públicas de comunicación (accesos a aldeas, lugares, barrios, viñas, agros e montes).

A Liña 2 ten por obxecto a restauración, reforma, conservación e mellora dos centros e do seu contorno inmediato, como centros de desenvolvemento de actividades colectivas nas nosas parroquias e aldeas, como lugares de interacción entre persoas, de celebración de actividades lúdicas e de reunión ou xuntanza da veciñanza.

Consecuentemente co exposto, considérase necesario promover axudas que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación provincial na conservación e mellora da mobilidade, accesibilidade e mellora integral do noso medio rural no marco parroquial.

A Liña 3.2.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo do ano 2015, prorrogado a 2016, aposta pola **“CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E IMPULSO DO SECTOR PRIMARIO E DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS E DE INTERESE PARA O MEDIO RURAL”**, entre outros, cos seguintes obxectivos: fomentar o desenvolvemento de actuacións de interese colectivo, que permitan a mellora das infraestruturas e supoñan un beneficio para o proveito de todos os cidadáns da nosa provincia; potenciar o desenvolvemento do sector primario da nosa provincia, considerando que constitúe un dos principais motores da nosa economía e procurar a protección do rural lucense, tratando de evitar o abandono que se está a producir e impulsando e apoiando ás iniciativas que se orienten en torno a esta idea.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) e 36.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local pon en marcha dúas liñas:

- **Liña 1. “Programa de mellora da mobilidade rural”**
- **Liña 2. “Programa de restauración, reforma, conservación e mellora de centros socioculturais e o seu contorno inmediato”.**

Programas que se regulan polas presentes BASES

Bases da convocatoria das subvencións do “PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCIOCULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO”

Base 1.- Obxecto

Liña 1: Programa de mellora da mobilidade rural da Provincia:

Ten por obxecto o fomento da mellora da mobilidade na Provincia, coas seguintes finalidades:

- Mellora, adecuación do firme e sinalización de camiños públicos de acceso a explotacións, fincas forestais ou agrarias, viñas e núcleos rurais.

Liña 2. “Programa de restauración, reforma, conservación e mellora de centros socioculturais e o seu contorno inmediato”.

Ten por obxecto colaborar coas asociacións rurais na conservación e mellora dos centros socioculturais e o seu contorno inmediato.

Dentro desta liña van ser subvencionables:

- Actuacións en fachadas, cubertas e albanería
- Instalacións eléctricas e de fontanería
- Adecuación do entorno dos centros socioculturais (accesos, entorno).
- Sistemas de climatización e calefacción (instalacións fixas).
- Sistemas de iluminación.

Base 2.- Réxime de concorrencia

As subvencións ás que se refiren as presentas bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible.

Teñen por obxecto a cobertura de inversións (código obxecto 1), articularanse na modalidade de subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico de axudas a infraestruturas e edificacións (códigos sector económico 41.2 e 42.1) é coa finalidade de conservación e mellora da mobilidade rural, accesibilidade e recuperación integral do medio rural (código finalidade 16), contribuíndo o asentamento da poboación no medio rural (código impacto de xénero 2) .

Os códigos do paragrafo anterior refírense a información para a base de datos nacional de subvencións

Base 3.- Liñas subvencionables

As subvencións reguladas por estas bases serán as referidas ás seguintes liñas de actuación:

- Liña 1. Programa de mellora da mobilidade rural na Provincia.
- Liña 2. Programa de restauración, reforma, conservación e mellora de centros socioculturais e o seu contorno inmediato.

Base 4. Gastos subvencionables

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido á actividade subvencionada e que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento mediante xustificante bancario.

Anticipo

Existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ata o 95% do importe da subvención concedida, con dispensa de garantía. Neste caso, o beneficiario terá que presentar ante a unidade xestora (unidade de plans especiais)

- Solicitude de anticipo segundo o modelo normalizado, que estará colgado na web da Deputación.
- Certificados de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia tributaria estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e Seguridade Social. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, ós organismos correspondentes. Para estes efectos, os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte ós citados organismos, segundo o modelo normalizado.
- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- Documento emitido pola entidade bancaria no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ó abono da corresponde subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- O proxecto de obra, no caso de ser necesario.
- Os gastos de xestión derivados das solicitudes, licenzas ou permisos.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedemento xudiciais.
- Proxectos con solución técnicas non sostibles ou con prezos non axustados aos de mercado.

Base 5. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións:

- Asociacións de veciños, culturais, deportivas, etc. e Entidades veciñais sen ánimo de lucro, legalmente constituídas ou en fase de constitución.
- Comunidades de Montes, legalmente constituídas.
- Asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, legalmente constituídos.
- Agrupacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais (soamente na liña 1).
- Colectivos de usuarios (soamente na liña 1).

Os beneficiarios deberán ter o domicilio social na Provincia de Lugo

As agrupacións e colectivos deberán facer constar na solicitude a identidade dos seus membros mediante unha relación dos mesmos na que se sinalen os seguintes datos: Nome e apelidos, número de DNI e domicilio de residencia efectiva. Este documento deberá estar asinado por todos e cada un dos membros.

En ningún caso poderá ser beneficiario quen se atope nalgunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 6. Contía máxima da axuda e incompatibilidade con outras axudas

A contía global destinada a estas actuacións incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2016 ascende á cantidade de **1.000.000,00 €**, (aplicación presupuestaria 4540.789 a liña 1 e 4590.789 a liña 2), do plan estratéxico de subvencións, dos que **750.000€** corresponden á Liña 1 “Programa de mellora da mobilidade rural da Provincia”, e **250.000€** á Liña 2

“Programa de restauración, reforma, conservación e mellora de centros socioculturais e o seu contorno inmediato”.

No suposto, que unha vez resoltas as subvencións non se esgote o crédito, o remanente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2016, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria. Do mesmo xeito tamén poderán incorporarse a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As axudas serán compatibles cas aportacións económicas dos beneficiarios sempre e cando, **as mencionadas aportacións non coincidan con ningún outro tipo de axuda económica que poida recibir o beneficiario para o mesmo obxecto doutras administracións públicas.**

As contías máximas subvencionables de cada Liña serán as seguintes:

Liña 1:

A contía máxima por beneficiario, obra ou actuación da **Liña 1** será de doce mil euros (12.000 euros) IVE incluído; en todo caso, non superior ao 100 por 100 do gasto subvencionable segundo a Base 4.

Neste liña, a porcentaxe da axuda, por parte desta Deputación Provincial, poderá ser do 100% do investimento subvencionable, ata a cantidade máxima determinada no parágrafo anterior.

Liña 2:

A contía máxima por beneficiario e centro sociocultural sobre o que se actúa na **Liña 2** será de doce mil euros (12.000 euros) IVE incluído; en todo caso, non superior ao 100 por 100 do gasto subvencionable segundo a Base 4.

Neste caso, a porcentaxe da axuda, por parte desta Deputación Provincial, poderá ser do 100% do investimento subvencionable, ata a cantidade máxima determinada no parágrafo anterior.

Base 7. Carácter da subvención

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas previa instrución de expediente a tal efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial e nas condicións reguladas nestas bases e, declarar a perda do dereito total ou parcial a percibila nos supostos de falta de xustificación. Igualmente procederá o reintegro da subvención percibida nos supostos previstos nestas bases. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

A Deputación Provincial, resérvase o dereito de facer unha inspección da obra obxeto da subvención antes de resolver a favor desta, co fin de comprobar a veracidade dos feitos e datos expostos na memoria presentada, e no caso de que o exposto na memoria non se axustara a realidade, o proxecto será rexeitado pola comisión de valoración previo informe do funcionario ou funcionarios que realizaron a inspección.

Base 8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios da subvención terán os dereitos e obrigas conforme ao disposto no art. 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os beneficiarios da subvención terá dereito a pedir e obter o apoio e a colaboración da entidade local no seguimento das actuacións proxectadas.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- 1) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, a esta Excma. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- 2) Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.
- 3) Acreditar perante esta Excma. Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cós requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.
- 4) Someterse as actuacións de comprobación que efectuase a Deputación de Lugo, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 5) Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
- 6) Os perceptores da subvención poderán contratar con terceiros, o cen (100) por cen (100), da execución dos proxectos obxecto destas bases.
- 7) Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- 8) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases.
- 9) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de aprobación da conta xustificativa que se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- 10) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

- 11) Responsabilizarse da obtención de todas cantas licenzas ou permisos sexan necesarios para o correcta execución do proxecto para o que se solicita a subvención.
- 12) No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, os beneficiarios deberán destinar os bens ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscribibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- 13) Consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 14) Así mesmo deberá facerse constar expresamente o patrocinio da Excm. Deputación Provincial de Lugo en todos os medios utilizados para a divulgación das obras ou actuacións subvencionadas, ademais do cartel indicativo da mesma que será facilitado de maneira gratuíta pola Deputación de Lugo.

Base 9. Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polos beneficiarios.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P. do estrato da convocatoria.

Os interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo indicado anteriormente, formalizándose no impreso normalizado establecido ao efecto, que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da Web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org). Tamén os terá a súa disposición na Unidade de Plans Especiais da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes cuxo importe de “subvención” supere as contías máximas da axuda sinaladas na Base 6, as cales serán rexeitadas automaticamente, sen procederse ao estudo das mesmas por parte da Comisión de Valoración.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, quedando o outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidas a Presidencia da Excm. Deputación Provincial. Así mesmo poderán selo nos Rexistros previstos polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Liña 1: Á solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1) Proxecto técnico ou memoria valorada asinada polo técnico ou o solicitante, que conterá o seguinte:
 - a. Explicación do estado de situación do camiño, e a necesidade de facer un arranxo do mesmo.

- b. No caso de que o camiño serve a parcelas destinadas ó agro ou forestal, fotografía aérea coa superposición do parcelario, na que se grafara o tramo ou tramos do camiño que se pretende arranxar, dita fotografía deberá abarcar toda a área de influencia coa totalidade das parcelas.
- c. No caso de que o camiño é para acceso a núcleo ou núcleos, fotografía aérea na que se grafará o tramo ou tramos do camiño que se pretende arranxar, dita fotografía deberá abarcar a totalidade do camiño e do núcleo ou núcleos que serve.
- d. Tamén indicarse na fotografía ou noutra aparte a situación das explotacións, e demais industrias legalmente constituídas, que necesiten usar ese camiño, numerándoas por orde correlativo.
- e. No caso de que o camiño sexa para o acceso a un núcleo, ou grupo de vivendas, indicación do número de persoas empadroadas nese núcleo ou grupo de vivendas, con informe municipal do número de persoas empadroadas, no caso de non presentar ese informe, tomarase como datos os últimos publicados no INE.
- f. Documentación gráfica da que se poida deducir o estado de situación explicado no punto a).
- g. Orzamento pormenorizado composto por capítulos e as súas partidas correspondentes, cada partida presentará a súa medición e o seu prezo unitario, dito prezo será obtido das bases de datos da construción existentes (preferiblemente da BDCG, non se admite a de TRAGSA), ou deducidos de páxinas especializadas de internet, neste caso, indicarse a dirección web de onde foi obtido co fin de poder comprobalo, admítense variacións dos prezos unitarios para a adecuación particular do orzamento á obra (exemplo aportación de zahorra polos veciños, neste caso o prezo unitario da zahorra sería 0 pero non o estendido nin a compactación). Non se admiten orzamentos feitos por empresas locais. No caso de que a descrición dunha partida non se corresponda con algún dos existentes na base de datos, farase un descomposto do mesmo cos prezos unitarios obtidos tanto das bases de datos como de internet. No caso de que se teñan que utilizar partidas alzadas, estas non deben superar o 20 % do total do orzamento, e deberán estar debidamente xustificadas. Admítense partidas con prezo inferior o da base de datos, xa que pode haber aportación veciñal de man de obra, materiais ou maquinaria, explicarse na memoria esta aportación e non se valorará.
Nota: no caso de que o orzamento presentado non cumpra estes requisitos, darase por desestimada a solicitude de subvención.

- 2) Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria.
- 3) Declaración responsable de non ter recibido subvencións doutras institucións públicas para o mesmo proxecto.
- 4) Declaración responsable de non estar feita a obra con anterioridade á solicitude da axuda.
- 5) Declaración responsable sobre do número de usuarios do sector primario beneficiarios da actuación prevista (segundo se explica nas bases de valoración).
- 6) Fotocopia das autorizacións administrativas dos beneficiarios nomeados no punto anterior.
- 7) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (nos supostos de



- agrupacións sen personalidade xurídica propia esta declaración deberá ser asinada por todos os membros da mesma).
- 8) Declaración responsable do representante legal da entidade ou colectivo de usuarios de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade ou colectivo de usuarios.
 - 9) Declaración responsable de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social.
 - 10) Copia do CIF., e dos seus estatutos, da entidade solicitante da subvención.
 - 11) Se é o caso, táboa das parcelas que serve o camiño, coa súa referencia catastral, superficie, e se serve a algunha explotación ou sector produtivo.
 - 12) No suposto que se trate de agrupacións ou colectivos de usuarios que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos e actividades ou de atoparse na situación que motiva a concesión da subvención, ademais dos xerais, presentarán os específicos seguintes:
 - Datos persoais de todos os integrantes do colectivo de usuarios (nome e apelidos, fotocopia do DNI. ou NIF., domicilio, teléfono, etc.).
 - Datos persoais do representante do colectivo de usuarios (nome e apelidos, fotocopia do DNI. ou NIF., domicilio, teléfono, etc.).
 - Relación nominal co correspondente número de DNI, domicilio e aceptación expresa das persoas que se integran no proxecto, así como fotocopia do DNI de tódolos integrantes.

Liña 2 : A solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1) Proxecto técnico ou memoria valorada asinada polo técnico ou o solicitante, que conterá o seguinte:
 - a. Explicación do estado de situación actual, e a necesidade de facer as obras que se mencionan.
 - b. Fotografía aérea coa suficiente amplitude na que se observe a súa situación e o seu contorno (camiños, estradas, edificacións cercanas, núcleos, etc).
 - c. Mapa ou fotografía aérea no que se grafará o itinerario mais habitual entre o centro e a capitalidade municipal, ou a área urbana mais próxima que conte con este tipo de instalación .
 - d. Documentación gráfica e se é necesario técnica (planos) da que se poida deducir o estado de situación explicado no punto a).
 - e. Orzamento pormenorizado composto por capítulos e as súas partidas correspondentes, cada partida presentará a súa medición e o seu prezo unitario, dito prezo será obtido das bases de datos da construción existentes (preferiblemente da BDCG, non se admite a de TRAGSA), ou deducidos de páxinas especializadas de internet, neste caso, indicarse a dirección web de onde foi obtido co fin de poder comprobalo, admítense variacións dos prezos unitarios para a adecuación particular

do orzamento á obra (exemplo aportación de zavorra polos veciños, neste caso o prezo unitario da zavorra sería 0 pero non o estendido nin a compactación). Non se admiten orzamentos feitos por empresas locais. No caso de que a descrición dunha partida non se corresponda con algún dos existentes na base de datos, farase un descomposto do mesmo cos prezos unitarios obtidos tanto das bases de datos como de internet. No caso de que se teñan que utilizar partidas alzadas, estas non deben superar o 20 % do total do orzamento, e deberán estar debidamente xustificadas. Admítense partidas con prezo inferior o da base de datos, xa que pode haber aportación veciñal de man de obra, materiais ou maquinaria, explicarse na memoria esta aportación e non se valorará.

Nota: no caso de que o orzamento presentado non cumpra estes requisitos, darase por desestimada a solicitude de subvención.

- 2) Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria.
- 3) Declaración responsable de non ter recibido subvencións doutras institucións públicas para o mesmo proxecto.
- 4) Declaración responsable de non ter feita a actuación ou adquisición con anterioridade a concesión da axuda.
- 5) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (nos supostos de agrupacións sen personalidade xurídica propia esta declaración deberá ser asinada por todos os membros da mesma
- 6) Declaración responsable do representante legal da entidade ou colectivo de usuarios de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade ou colectivo de usuarios.
- 7) Declaración responsable de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- 8) Copia do CIF., e dos seus estatutos, da entidade solicitante da subvención.
- 9) No caso de que se fixeran canalizacións ou tendidos aéreos, e atravesaran fincas de particulares, autorización do/s propietario/s da/s finca/s pola/s que pasa, incluíndo a súa referencia catastral.
- 10) Certificación ou informe técnico do tipo de solo onde se atopa o centro (urbano, urbanizable, núcleo rural ou rústico)
- 11) No suposto que se trate de agrupacións ou colectivos de usuarios que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos e actividades ou de atoparse na situación que motiva a concesión da subvención, ademais dos xerais, presentarán os específicos seguintes:
 - Datos persoais de todos os integrantes do colectivo de usuarios (nome e apelidos, fotocopia do DNI. ou NIF., domicilio, teléfono, etc.).
 - Datos persoais do representante do colectivo de usuarios (nome e apelidos, fotocopia do DNI. ou NIF., domicilio, teléfono, etc.).



- Relación nominal co correspondente número de DNI, domicilio e aceptación expresa das persoas que se integran no proxecto, así como fotocopia do DNI de tódolos integrantes.

Base 10. Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto no Título II da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación provincial publicada no BOP de número 55 data 7 de marzo de 2005; artigos 19 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigos 22 e seguintes da Lei 38/2003 e cos criterios obxectivos que se mencionan de seguido:

LIÑA 1:

O camiño, deberá englobarse nunha das dúas situacións seguintes.

- Camiño de acceso a un núcleo ou núcleos de poboación.
- Camiño de acceso a fincas forestais ou agrogandeiras.

Os criterios obxectivos aos que haberá de axustarse a concesión das subvencións serán os seguintes:

Valoraranse 4 puntos, cada un deles cunha puntuación máxima de 10 puntos:

1. Grao de necesidade (ata un máximo de 10 puntos)
2. Sostenibilidade (ata un máximo de 10 puntos)
3. Usuarios beneficiarios (ata un máximo de 10 puntos)
4. Usuarios beneficiarios do sector primario (ata un máximo de 10 puntos)

1.- Grao de necesidade (ata 10 puntos).

a) Camiño que serve a un ou mais núcleos de poboación.

Fotografía aérea na que se encadre o núcleo e na que se observarán os distintos accesos que ten o núcleo ou núcleos, no caso de non presentala ou esta está incompleta, outorgaranse **0 puntos**.

Si hai outra alternativa de acceso o núcleo, que se considere viable e en bo estado outorgaráselle 0 puntos, noutro caso (estado defectuoso, estreita, moita pendente, etc) **2 puntos**.

Si non hai outra alternativa de acceso o núcleo, ou a que hai e considerablemente mais longa (50%), ou presenta as mesmas dificultades que a que pretenden arranxar, a puntuación será como segue, segundo se observe a dificultade.

- Circulan turismos con dificultade - **3,5 puntos**
- Turismos con moita dificultade - **5,5 puntos**
- So todoterreos - **7,5 puntos**
- So tractores - **10 puntos**

b) Serve a explotacións forestais e/ou agrarias.

Calcularase a superficie media de parcela que serve o camiño, e puntuarase segundo os seguintes criterios.

- < 1 hectárea – **0 puntos**
- 1 hectárea – 1,99 hectáreas – **1 punto**
- 2 hectáreas – 2,99 hectáreas – **2 puntos**

- 3 hectáreas – 3,99 hectáreas – **3 puntos**
- 4 hectáreas – 4,99 hectáreas – **4 puntos**
- 5 hectáreas – 5,99 hectáreas – **5 puntos**
- 6 hectáreas – 6,99 hectáreas – **6 puntos**
- 7 hectáreas – 7,99 hectáreas – **7 puntos**
- 8 hectáreas – 8,99 hectáreas – **8 puntos**
- 9 hectáreas – 9,99 hectáreas – **9 puntos**
- >=10 hectáreas – **10 puntos**.

Superficie destinada ó agro (excepto forestal e improdutivo), % sobre a superficie total que serve o camiño.

- < 35% - **1 punto**
- 35% - 40% - **2 puntos**
- 40,01% - 45% - **3 puntos**
- 45,01% - 50% - **4 puntos**
- 50,01% - 55% - **5 puntos**
- 55,01% - 60% - **6 puntos**
- 60,01% - 65% - **7 puntos**
- 65,01% - 70% - **8 puntos**
- 70,01% - 75% - **9 puntos**
- >75% - **10 puntos**

Para o cálculo da puntuación farase a media das dúas puntuacións. E esta media multiplicarase polo seguinte factor de corrección segundo o estado do camiño.

- Non pasan tractores agrícolas - **1,00**
- Pasan con moita dificultade os tractores agrícolas - **0,90**
- Pasan con dificultade os tractores agrícolas – **0,80**
- Pasan con moita dificultade os todoterreo – **0,60**
- Pasan con dificultade os todoterreo – **0,40**
- Pasan todoterreos – **0,20**

2.- Sostenibilidade. (ata 10 puntos).

A sostenibilidade dun proxecto, da unha imaxe do alcance de dito proxecto, que en base a uns recursos económicos, naturais, humanos, etc, pódense realizar mais ou menos arranxos nos camiños de que se trata esta liña.

Considérase, que o factor común que une ós proxectos, dende o punto de vista da sostenibilidade e o custe da obra, e segundo a lei xeneral de subvencións dito custo non pode superar os prezos de mercado.

Para o análise desta puntuación tomárase como referencia o orzamento pormenorizado presentado na memoria valorada.

Una vez establecido o prezo de mercado do conxunto da obra, comparase co que presenta o solicitante, dándosele unha marxe por enriba de un 10%, debido a que se trata de obras de pequena contía e os medios auxiliares que se utilizan son mais altos que nunha obra habitual, este porcentaxe, incluso pode aumentarse, non no conxunto da obra, senón en algunhas das unidades que a compoñen debido á dificultade da súa execución.

Unha vez analizado o prezo da obra, se esta supera o marxe do 10 % estipulado anteriormente, a solicitude queda rexeitada por incumprimento do artigo 31 da lei xeneral de subvenciones, e se debido a incorreccións no presuposto presentado, mediante as cales non se poida calcular o prezo de mercado, a solicitude queda rexeitada xa que non se pode comprobar o cumprimento do artigo 31 antes mencionado.

Valorarase segundo os seguintes apartados.

Os % están referidos ó prezo de mercado de referencia.

- 5,01% - 10% por enriba – **0 puntos**
- 0% - 5% por enriba – **1 punto**
- 0,01% - 10% por debaixo – **2 puntos**
- 10,01% - 15% por debaixo – **3 puntos**
- 15,01% - 20% por debaixo – **4 puntos**
- 20,01% - 25% por debaixo – **5 puntos**
- 25,01% - 30% por debaixo – **6 puntos**
- 30,01% - 35% por debaixo – **7 puntos**
- 35,01% - 40% por debaixo – **8 puntos**
- 40,01% - 45% por debaixo – **9 puntos**
- >45% por debaixo – **10 puntos**.

3.- Usuarios beneficiados (ata 10 puntos)

Neste caso, temos que considerar os dous tipos de camiños que se utilizaron para valorar o grao de necesidade.

En ningún caso consideraranse beneficiarios os seguintes.

- Posibles paseantes o camiñantes ou persoas esporádicas que poidan utilizar o camiño
- Usuarios de actividades deportivas, culturais, festivas, etc
- Cazadores o pescadores
- Público que poida asistir a eventos deportivos, culturais, festivos etc.

a) Acceso a núcleos ou núcleos.

Tomaranse como usuarios habituais, os habitantes que estean empadroados no núcleo, ou núcleos que sirve, si o núcleo conta con establecementos hostaleiros, ou industriais ademais consideraranse beneficiarios, se non están empadroados, os traballadores empregados habituais distes establecementos, e no caso da hostalaría ademais os seguintes.

Restaurante.- a metade da súa capacidade para dar comidas nun día segundo a súa licenza de actividade.

Hotel, pensión, hostel, casa de turismo rural, albergue, etc.- número de prazas, segundo a súa licenza de actividade.

A valoración establecece cos seguintes criterios.

- Menos de 5 usuarios – **1 punto**.
- 5-10 usuarios – **2 puntos**.
- 11-20 usuarios – **3 puntos**.
- 21-30 usuarios – **4 puntos**.
- 31-40 usuarios – **5 puntos**.
- 41-50 usuarios – **6 puntos**.
- 51-60 usuarios – **7 puntos**.

- 61-70 usuarios – **8 puntos.**
- 71-80 usuarios – **9 puntos.**
- > 80 usuarios – **10 puntos.**

b) Acceso a fincas forestais ou agrarias.

O número de usuarios é o número de titulares das parcelas ás que serve o camiño, e no caso de que unha parcela tivese mas de un titular, considerarase como un so usuario beneficiario, o mesmo, se un titular ten mais dunha parcela, considerarase a ese grupo de parcelas como un so usuario beneficiario.

A valoración establecece cos seguintes criterios.

- Menos de 5 usuarios – **1 punto.**
- 5-10 usuarios – **2 puntos.**
- 11-20 usuarios – **3 puntos.**
- 21-30 usuarios – **4 puntos.**
- 31-40 usuarios – **5 puntos.**
- 41-50 usuarios – **6 puntos.**
- 51-60 usuarios – **7 puntos.**
- 61-70 usuarios – **8 puntos.**
- 71-80 usuarios – **9 puntos.**
- > 80 usuarios – **10 puntos.**

4.- Usuarios beneficiados do sector primario (ata 10 puntos)

Neste caso, terase en conta, o número de explotacións dedicadas ó sector primario que se atopen ubicadas na área de influencia do camiño que se pretende arranxar, ou utilicen parcelas que se atopan na área de influencia do camiño.

As explotacións contarán cos permisos e autorizacións necesarios, e contarase como usuario cada explotación.

Tamén se establecen como beneficiarios do sector primario, as pequenas industrias, artesans, talleres, establecementos de hostalaría ou calquera outra industria establecida na área de influencia do camiño, sempre que estean legalmente constituídas, considerase cada unha delas como un beneficiario

A valoración establecece dando **un punto por cada usuario ata un máximo de 10.**

A suma destas 4 puntuacións será a puntuación obtida. E co fin de favorecer o efecto de despoboación nos municipios con menos habitantes, a esta puntuación, sumáraselle os seguintes puntos.

Concellos de ata 1.000 habitantes – **3 puntos.**

Concellos de ata 5.000 habitantes – **2 puntos.**

Concellos de ata 10.000 habitantes – **1 punto.**

Sempre e cando non se supere a **puntuación máxima de 40 puntos.**

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese seguindo a orde establecida nos criterios anteriores.

Liña 2:

Os criterios obxectivos aos que haberá de axustarse a concesión das subvencións serán os seguintes:
Valoraranse 5 puntos e a puntuación total non poderá superar os 40 puntos:

1. Grao de necesidade (ata un máximo de 10 puntos)
2. Sostibilidade (ata un máximo de 10 puntos)
3. Usuarios beneficiarios (ata un máximo de 10 puntos)
4. Distancia á capitalidade do concello (ata un máximo de 10 puntos)
5. Bonificación por despoboamento do concello onde se fai a actuación (ata 3 puntos)

1.- Grao de necesidade (ata 10 puntos)

Cada unidade de obra, deberá encadrarse en cada un dos 6 apartados seguintes, no caso de que coincidiran varias no mesmo apartado, utilizarase a que mais orzamento teña e en caso de que o orzamento fora igual, a que mais puntuación obteña.

1. Cuberta e a súa estrutura.
 - Estrutura de madeira.
 - Existencia de goteiras que fan necesario a reposición de material de cobertura (>20% en superficie) e das táboas que sustentan o material (>15% en superficie). **10 puntos.**
 - Existencia de goteiras que fan necesario a reposición de material de cobertura (<=20% en superficie) e das táboas que sustentan o material (<=15% en superficie). **8 puntos.**
 - Deterioro do material de cobertura, que fai necesaria a súa substitución, sen afectar á estrutura (> 20% en superficie). **8 puntos.**
 - Deterioro do material de cobertura, que fai necesaria a súa substitución, sen afectar a estrutura (<= 20% en superficie). **6 puntos.**
 - Reposición de limas e canalóns. **4 puntos.**
 - Arranxo de encontros con paramentos ou elementos que saen do plano da cuberta. **4 puntos.**
 - Reparación puntual de goteiras, incluso se é necesario poñer algunha peza. **2 puntos.**
 - Estrutura de formigón.
 - Deterioro do material de cobertura, que fai necesaria a súa substitución, sen afectar a estrutura (> 20% en superficie). **8 puntos.**
 - Deterioro do material de cobertura, que fai necesaria a súa substitución, sen afectar a estrutura (< =20% en superficie). **6 puntos.**
 - Reposición de limas e canalóns. **4 puntos.**
 - Arranxo de encontros con paramentos ou elementos que saen do plano da cuberta. **4 puntos.**
 - Reparación puntual de goteiras, incluso se é necesario repoñer algunha peza. **2 puntos.**
2. Fachadas.
 - Entrada de auga por diversos puntos (> 20% en superficie) que fan necesaria a súa impermeabilización. **10 puntos.**
 - Entrada de auga por diversos puntos (<= 20% en superficie) que fan necesaria a súa impermeabilización. **8 puntos.**

- Enfoscado e pintado de cada paramento debido o seu deterioro ou material inadecuado. **8 puntos.**
 - Entrada de auga polas xuntas da carpintería no seu encontro co paramento. **6 puntos**
 - Entrada de auga pola carpintería debido o seu deterioro, e que fai necesario un cambio da mesma. **6 puntos.**
 - Necesidade de colocación de zocalo para evitar a entrada de auga de salpicadura. **4 puntos.**
 - Limpeza e pintado das fachadas sen ter que facer un enfoscado previo. **2 puntos.**
 - Arranxo das baixantes dos canalóns. **2 puntos.**
3. Electricidade.
- Ausencia de acometida eléctrica. **10 puntos.**
 - Ausencia de instalación eléctrica. **10 puntos.**
 - Cambio integral da instalación por resgo de incendio ou electrocución. **8 puntos.**
 - Cambio de parte da instalación eléctrica. **6 puntos.**
 - Instalación eléctrica en locais que aínda non a teñen, pero que xa existe no resto do edificio. **4 puntos.**
 - Cambio de mecanismos ou puntos de luz por deterioro dos existentes. **2 puntos.**
4. Estrutura
- Colapso da estrutura que aconsella o seu derribo e construción dunha nova. **10 puntos**
 - Deterioro de parte da estrutura, que fai imposible a utilización desa parte do centro para actividades. **8 puntos.**
 - Reposición de parte do taboleiro (>20 % en superficie) que forma o solo sempre e cando este solo sexa parte do forxado. **8 puntos.**
 - Reposición de parte do taboleiro (<=20 % en superficie) que forma o solo sempre e cando este solo sexa parte do forxado. **6 puntos.**
 - Pequena substitución de elementos da estrutura. **4 puntos.**
 - Tratamento da estrutura de madeira para a súa conservación. **2 puntos.**
5. Servizos básicos
- Ausencia ou ruína de servizos hixiénicos que fai imposible o seu uso. **10 puntos.**
 - Inexistencia de acometida de auga, ou o seo deterioro que fai imposible o seu uso. **10 puntos.**
 - Inexistencia ou deterioro total da rede de evacuación de augas residuais. **10 puntos.**
 - Reposición de pezas dos servizos por estar inservibles. **8 puntos.**
 - Reposición da fontanería dos servizos hixiénicos pola súa degradación. **8 puntos.**
 - Substitución de pozo negro por fosa séptica. **6 puntos.**
 - Reposición do alicatado dos paramentos dos servizos. **4 puntos.**
 - Reposición do solo dos servizos. **4 puntos.**
 - Arranxo ou reposición das portas. **2 puntos.**
 - Arranxo ou reposición da grafaría. **2 puntos.**
6. Resto de obras..
- Reparación de solos. **4,5 puntos.**
 - Enfoscados e ou pintura. **2,5 puntos.**
 - Instalación de calefacción (non eléctrica). **1,5 puntos.**
 - Radiadores eléctricos. **1 punto**
 - Cambio de portas. **2,5 puntos.**
 - Arranxo dos accesos ó centro. **5 puntos.**
 - Cortinas ou persianas. **2,5 puntos.**

- Instalación de televisión. **1 punto.**
- Resto de obras non recollidas anteriormente. **1 punto.**

Para obter a puntuación do grao de necesidade, farase a media aritmética dos puntos obtidos por cada unidade de obra.

Calquera obra que implique a adaptación dos accesos, pasos interiores, aseos, etc. a persoas con mobilidade reducida sumaránselle a esta media **1,5 puntos asta un máximo de 10 puntos.**

2.- Sostenibilidade. (ata 10 puntos).

A sostenibilidade dun proxecto, da unha imaxe do alcance de dito proxecto, que en base a uns recursos económicos, naturais, humanos, etc, pódense realizar mais ou menos arranxos nos centros de que se trata esta liña.

Considérase, que o factor común que une ós proxectos, dende o punto de vista da sostenibilidade e o custe da obra, e segundo a lei xeneral de subvencións dito custo non pode superar os prezos de mercado.

Para o análise desta puntuación tomárase como referencia o orzamento pormenorizado presentado na memoria valorada.

Una vez establecido o prezo de mercado do conxunto da obra, compárase co que presenta o solicitante.

Unha vez analizado o prezo da obra, se esta supera o prezo de mercado, esta debe rexeitarse por incumprimento do artigo 31 da lei xeneral de subvenciones, e se debido a incorreccións no presuposto presentado, mediante as cales non se poida calcular o prezo de mercado, esta debe rexeitarse xa que tampouco se pode comprobar o cumprimento do artigo 31 antes mencionado.

A porcentaxe que se indica, é referida ao prezo de mercado.

- 0% - 5% por debaixo – **1 punto**
- 5,01% - 10% por debaixo – **2 puntos**
- 10,01% - 15% por debaixo – **3 puntos**
- 15,01% - 20% por debaixo – **4 puntos**
- 20,01% - 25% por debaixo – **5 puntos**
- 25,01% - 30% por debaixo – **6 puntos**
- 30,01% - 35% por debaixo – **7 puntos**
- 35,01% - 40% por debaixo – **8 puntos**
- 40,01% - 45% por debaixo – **9 puntos**
- >45% por debaixo – **10 puntos.**

No caso de que haxa que colocar instalacións que requiran o consumo de enerxía, e se esta enerxía é renovable, sumaranse 1,5 puntos mais ó que se obtivo da táboa anterior, sempre con un máximo de 10 puntos.

3.- Usuarios beneficiarios. (ata 10 puntos).

Contabilizarase como usuarios beneficiarios o número de socios da asociación ou asociacións que utilicen o centro (no caso de que unha persoa pertenza a mais dunha asociación, contabilizarase como un so usuario).

- Menos de 8 usuarios- **1 punto**
- 8 – 11 usuarios – **2 puntos**
- 12 – 15 usuarios – **3 puntos**

- 16 – 19 usuarios – **4 puntos**
- 20 – 23 usuarios – **5 puntos**
- 24 – 27 usuarios – **6 puntos**
- 28 – 31 usuarios – **7 puntos**
- 32 – 35 usuarios – **8 puntos**
- 36 – 40 usuarios – **9 puntos**
- + de 40 usuarios – **10 puntos**

4.- Distancia a capitalidade do concello (ata 10 puntos).

A forma de medir esta distancia, será utilizando o itinerario mais habitual ata a capitalidade do municipio, medindo dende o centro que solicita a subvención ata a situación da casa do concello.

Naqueles concellos que teñen mais dun núcleo urbano, é que ese núcleo tamén teña instalacións municipais deste tipo (casa de cultura, centro social, etc), neste caso, será utilizada a distancia menor que exista entre o centro que solicita a axuda e o núcleo urbano mais próximo, se este non fora a capital do concello, a distancia mediríase ata a situación da instalación deste tipo que se atopara nese núcleo.

A puntuación sería de **0,1 puntos por cada 100 metros de recorrido ata un máximo de 10 puntos.**

Se a Deputación observase que se utiliza a distancia ata a capital municipal en lugar da indicada anteriormente (sendo esta menor), a puntuación será de **0 puntos.**

A suma destas 4 puntuacións será a puntuación obtida. E co fin de favorecer o efecto de despoboación nos municipios con menos habitantes, a esta puntuación, sumáraselle os seguintes puntos.

Concellos de ata 1.000 habitantes – **3 puntos.**

Concellos de ata 5.000 habitantes – **2 puntos.**

Concellos de ata 10.000 habitantes – **1 punto.**

Sempre e cando non se supere a **puntuación máxima de 40 puntos.**

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese seguindo a orde establecida nos criterios anteriores.

Base 11. Instrución do procedemento

A avaliación das solicitudes efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída para o efecto e composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo nomeados por resolución da Presidencia da Deputación; sendo vocal nato a Interventora Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou a substitúa. Exercerá de secretario da Comisión o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou o substitúa. Na resolución de nomeamento designarase Presidente e os correspondentes suplentes. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos na materia.

Así mesmo, a Deputación de Lugo resérvase o dereito de verificación “in situ”, con carácter previo á resolución, a veracidade dos proxectos presentados.

Revisarase a documentación presentada coa solicitude de axuda e comprobarase a súa adecuación ás bases reguladoras e á normativa de aplicación, así como as dispoñibilidades orzamentarias para atender as solicitudes.

A Unidade de Plans Especiais revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñen a documentación esixida segundo a base 9.

Se non se presenta a documentación esixida en algún dos apartados, darase por desestimada a súa petición.

Se resulta que a documentación presentada en cada un deses puntos estivera incompleta ou fora incorrecta, requirirase ó solicitante para, que no prazo de dez días a subsane, facéndolle saber que no caso contrario, se terá por desistido da súa petición, previa resolución do señor Presidente da Deputación a proposta do Deputado delegado da Área, que lle será notificada ao solicitante.

Unha vez analizado o contido da documentación subsanada referida a algún dos puntos antes mencionados (excepto a memoria valorada ou proxecto técnico), se esta fora incompleta, darase por desestimada a petición, e non entrará na fase de valoración.

Se a memoria valorada ou proxecto técnico presentado ten deficiencias, e debido a estas non se pode valorar algún dos criterios de valoración expostos, outorgaranse 0 puntos nese criterio agás se non se pode comprobar o prezo de mercado, neste caso darase por desestimada a petición, e non entrará na fase de valoración.

No caso de que o proxecto ou parte del non fora subvencionable pola liña que se presenta, darase por desestimada a petición.

Base 12. Resolución de concesión das axudas

A Comisión de Valoración verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno previa valoración das solicitudes admitidas aplicando o baremo establecido; a estes efectos a Comisión designará a un empregado público de Deputación tecnicamente cualificado a fin que elabore un informe-proposta.

A Deputación resérvase o dereito a reclamar documentación complementaria ós beneficiarios da axuda antes de facer a proposta de resolución ou en calquera outro momento do procedemento.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lles concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

A publicación no BOP surtirá os efectos de notificación ao abeiro do artigo 59.6.b da Lei 30/92 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes, de conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42 e

44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Base 13. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Base 14. Prazo de execución da actividade

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 31 de agosto de 2017. En casos excepcionais, o beneficiario, poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial. A dita ampliación non superará a data de 30 de setembro de 2017.

Base 15. Xustificación das subvencións, prazos de xustificación, reducións e perda do dereito.

Os beneficiarios destas subvencións, deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requirimento da unidade de Plans Especiais, a aplicación da subvención concedida, no prazo máximo de un (1) mes, contado dende a data inicialmente prevista para a finalización do proxecto ou actividade que se subvenciona. No suposto de que os beneficiarios da subvención tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun (1) mes.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

O importe total que deberá executarse será igual ou superior ó orzamento que consta no correspondente expediente da petición. En todo caso, o importe da subvención deberá xustificarse obrigatoriamente, mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ou certificación de obra expedida por técnico competente, coa factura ou facturas referidas a esa certificación.

Previamente á aprobación da xustificación das subvencións e como documento específico da referida conta, emitírase por técnico designado pola Deputación Provincial, informe acreditativo de que as obras realizadas correspóndense coas solicitadas e xustificadas.

No suposto de que o informe realizado polos técnicos correspondentes da Deputación sexa inferior á contía da subvención concedida, só se procederá ó ingreso da parte efectivamente informada e non da totalidade da subvención, sempre e cando a actuación efectivamente realizada sexa como mínimo do 75 por 100 da subvención concedida.

No suposto de que o informe técnico determine que se atopa por debaixo da porcentaxe anteriormente sinalada, entenderase como un incumprimento das condicións da subvención e declararase a perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.

Rendida a conta xustificativa e unidos os informes técnicos específicos antes referenciados, pola Unidade de Plans Especiais, emitirase informe acerca da completude documental da xustificación rendida e do grao de cumprimento dos fins para os cales se concedeu a subvención e da adecuación aos mesmos dos gastos realizados.

A xustificación de aboamento das subvencións presentaranse na Unidade de Plans Especiais, Áreas de Cooperación e Asistencia aos Concellos coa seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadado. Ademais, esta memoria deberá conter necesariamente un dossier fotográfico das actuacións realizadas.
- b) Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:
 - o Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificador do acredor e documento, importe e data de emisión e data de pago.
 - o Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida ou certificacións de obra, expedida por técnico coa titulación competente na que deberá especificarse, ademais, e no seu caso, empresa executora das obras cos seus datos fiscais e a factura emitida por esa empresa ou empresas relativas a esa certificación. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“estampilladas”) polo órgano xestor.
 - o Acreditación do pago das facturas. O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación, mediante xustificante bancario do pagamento, non admitíndose pagos en metálico, cheques ó portador ou calque outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebido para ser utilizado como medio de pago ó portador.
 - o Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.
 - o Declaración responsable de non ter outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.
- c) Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a obra subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación.

- d) Acreditar, mediante certificación expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial. Non entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización do representante da entidade.
- e) Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro, segundo modelo normalizado.
- f) Documento da conta bancaria expedida pola entidade bancaria a que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse. No suposto de tratarse de agrupacións de gandeiros e/ou agricultores que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos e actividades o de atoparse na situación que motiva a concesión da subvención, presentarán certificación de conta bancaria mancomunada con ao menos tres titulares.
- g) Declaración responsable, do representante da entidade, de:
 - o Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas obras.- Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.- Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida da Excm. Deputación Provincial, non superou o custo da obra realizada.
 - o Que non existiu alteración durante a realización da obra, das condicións tidas en conta, para a concesión da subvención outorgada.- Que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recupéralo.
- h) Declaración responsable, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, de que os mesmos serán destinados ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscribibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- i) No caso do anticipo e, se fose o caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04 2080 0163 8531 1000 0423. De non cumprirse esta obriga procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Base 16. Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase, mediante transferencia bancaria, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións ao que

remite o artigo 34 da mesma; no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 17. Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 28 e seguintes da ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II, *do reintegro de subvencións*, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005 e publicada no BOP número 53 do 7 de marzo de 2005.

Ós beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da mencionada Lei 38/2003 de conformidade con canto se establece no Título VI da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005 e publicada no BOP número 53 do 7 de marzo de 2005.

Base 18. Plan de Auditoría Anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría Anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

O órgano competente para a aprobación do Plan de Auditoría anual será a Xunta de Goberno Provincial.

Base 19. Réxime de recursos

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión ou denegación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión ou denegación, e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

A publicación no Boletín Oficial da Provincia surtirá os efectos de notificación ao abeiro do artigo 59.6.b da Lei 30/92 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Base 20. Protección de datos

A Deputación de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que aterse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente

Base 21. Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 30/1992, do 2 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

Disposición Adicional Primeira. As declaracións responsables previstas nestas bases surtirán os efectos previstos polo artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 2 de setembro de 2016

O Presidente - P.D. Decreto nº 1357/2016, de 01-07-2016

O Vicepresidente

Asdo.: Álvaro Santos Ramos



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO I
LIÑA 1

DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR NA LIÑA 1 **PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA** **PROVINCIA**

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ESTA LIÑA (marcar con X)

<input type="checkbox"/>	Solicitud de subvención (anexo II)
<input type="checkbox"/>	Proxecto técnico ou memoria valorada (cos apartados indicados nas bases)
<input type="checkbox"/>	Sistemas de seguimento e autoavaliación (anexo III)
<input type="checkbox"/>	Autorización á Deputación provincial para que poida solicitar os correspondentes certificados de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributaria (anexo IV)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non ter recibido subvencións doutras institucións par o mesmo proxecto (anexo V)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non estar feita a obra con anterioridade á solicitude de axuda (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do representante legal da entidade ou colectivo de usuarios de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade ou colectivo de usuarios (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Copia do CIF e dos estatutos da entidade solicitante da subvención

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA (marcar con X)

<input type="checkbox"/>	Informe municipal do número de veciños empadroados no núcleo ou núcleos (se non se presenta utilizaranse os últimos datos publicados polo IGE)
<input type="checkbox"/>	Datos dos integrantes da agrupación ou colectivo de usuarios (se é o caso) (anexo IX)
<input type="checkbox"/>	No caso de que existan beneficiarios do sector primario (segundo se establece na base 10, liña 1, usuarios beneficiarios do sector primario)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do número de beneficiarios do sector primario (anexo VII)
<input type="checkbox"/>	Fotocopia das autorizacións administrativas dos beneficiarios do sector primario (se os hai)
<input type="checkbox"/>	Táboa das parcelas que serve o camiño (se é o caso, base 10, grao de necesidade) (anexo VIII)



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO I
LIÑA 2

DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR NA LIÑA 2 **PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA** **PROVINCIA**

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ESTA LIÑA (marcar con X)

<input type="checkbox"/>	Solicitud de la subvención (anexo II)
<input type="checkbox"/>	Proxecto técnico ou memoria valorada (cos apartados indicados nas bases)
<input type="checkbox"/>	Sistemas de seguimento e autoavaliación (anexo III)
<input type="checkbox"/>	Autorización á Deputación provincial para que poida solicitar os correspondentes certificados de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributaria (anexo IV)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non ter recibido subvencións doutras institucións par o mesmo proxecto (anexo V)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non estar feita a obra con anterioridade á solicitude de axuda (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Certificación ou informe técnico do tipo de solo onde se atopa o centro (urbano, urbanizable, núcleo rural ou rústico)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do representante legal da entidade ou colectivo de usuarios de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade ou colectivo de usuarios (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Copia do CIF e dos estatutos da entidade solicitante da subvención



MODELO DE SOLICITUDE LIÑA 1
PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA
PROVINCIA

TIPO DE BENEFICIARIO (marcar con X)

<input type="checkbox"/>	Asociacións de veciños, culturais, deportivas, etc. e entidades veciñais sen animo de lucro	Nome:	
<input type="checkbox"/>	Comunidades de montes	Nome:	
<input type="checkbox"/>	Agrupacións de gandeiros, agricultores, ou produtores forestais	Nome:	

C.I.F. DA ENTIDADE:

DATOS DO REPRESENTANTE

NOME					
1º APELIDO					
2º APELIDO					
ENDEREZO (a efectos notificación)					
CONCELLO					
CÓDIGO POSTAL		TELEFONO		CORREO ELECT.	

O que suscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal
SOLICITA UNHA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA SEGUINTE ACTUACIÓN:

NOME DA OBRA OU ACTUACIÓN	
BREVE DESCRIPCIÓN DA OBRA OU ACTUACIÓN	

ORZAMENTO DA OBRA OU ACTUACIÓN

En número	En letra
SUBVENCIÓN SOLICITADA	
En número	En letra

Nº de usuarios beneficiarios (segundo a base 10, liña 1, usuarios beneficiarios a. ou b)	
Nº usuarios beneficiarios do sector primario (segundo a base 10, liña 1, usuarios beneficiarios do sector primario)	

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____

**DEPUTACIÓN DE LUGO***Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais***ANEXO II
LIÑA 2****MODELO DE SOLICITUDE LIÑA 2
PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA
PROVINCIA****TIPO DE BENEFICIARIO (marcar con X)**

<input type="checkbox"/>	Asociacións de veciños, culturais, deportivas, etc. e entidades veciñais sen animo de lucro	Nome:	
<input type="checkbox"/>	Comunidades de montes	Nome:	
<input type="checkbox"/>	Agrupacións de gandeiros, agricultores, ou produtores forestais	Nome:	

C.I.F. DA ENTIDADE:**DATOS DO REPRESENTANTE**

NOME			
1º APELIDO			
2º APELIDO			
ENDEREZO (a efectos notificación)			
CONCELLO			
CÓDIGO POSTAL		TELEFONO	
		CORREO ELECT.	

O que suscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal
SOLICITA UNHA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA SEGUINTE ACTUACIÓN:

NOME DA OBRA OU ACTUACIÓN	
BREVE DESCRIPCIÓN DA OBRA OU ACTUACIÓN	

ORZAMENTO DA OBRA OU ACTUACIÓN

En número	En letra
SUBVENCIÓN SOLICITADA	
En número	En letra

Nº de usuarios beneficiarios (segundo a base 10, liña 2, usuarios beneficiarios)	
Distancia á capitalidade (segundo a base 10, liña 2, 4 distancia a capitalidade do concello)	

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO III

LIÑAS 1 e 2

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA PROVINCIA

SISTEMAS DE SEGUIMIENTO E AUTOEVALUACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

MANIFESTA QUE OS SISTEMAS DE AUTOAVALACIÓN SERÁN OS SEGUINTES

En _____, a ____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO IV

LIÑAS 1 e 2

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA PROVINCIA

AUTORIZACIÓN, PARA QUE SE É O CASO, E SE ASÍ SE CONSIDERA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL, POIDA SOLICITAR OS CORRESPONDENTES CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

AUTORIZA:

A que por parte da Deputación Provincial de Lugo, se poda, se así o considera a mesma, solicitar as certificacións expedidas para os efectos polos Organismos correspondentes de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial.

En _____, a ____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO
Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO V

LIÑAS 1 e 2
PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA
PROVINCIA

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

Marcar con X

<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non solicitou ningunha outra axuda para a realización da acción ou comportamento a que se refire a presente solicitude de subvención.
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento si solicitou axuda para esta mesma actuación, coas seguintes resolucións:

Entidade á que se lle solicitou axuda, cantidade solicitada, resolución (pendente, denegada, concedida) e importe se é o caso

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VI
LIÑA 1

LIÑA 1

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA PROVINCIA

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO E DE NON TER FEITA A OBRA NIN ADQUISICIÓN CON ANTERIORIDADE Á SOLICITUDE E DE NON TER DEBEDAS COAS AAPP, NIN ESTAR INHABILITADA PARA CONTRATAR

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

Marcar con X

<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non está incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas
<input type="checkbox"/>	Que me encontro facultado para actuar no nome da entidade que represento, de conformidade cos acordos adoptados para o efecto
<input type="checkbox"/>	Que non me atopo inhabilitado para contratar coas AA.PP. ou para obter subvencións das mesmas
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento áchase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonomía e Deputación Provincial, en non é debedora por resolución de procedencia de reintegro
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación cantidades anteriores concedidas pola Deputación Provincial
<input type="checkbox"/>	Que o número de usuarios beneficiarios declarados na solicitude, así como dos beneficiarios que pertencen ao sector primario segundo a base 10, son certos
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento, non ten feita a actuación ou adquisición con anterioridade á solicitude de axuda

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VI
LIÑA 2

LIÑA 2

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA PROVINCIA

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO E DE NON TER FEITA A OBRA NIN ADQUISICIÓ CON ANTERIORIDADE Á SOLICITUDE E DE NON TER DEBEDAS COAS AAPP, NIN ESTAR INHABILITADA PARA CONTRATAR

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE EN RELACIÓ COA SUBVENCIÓ SOLICITADA:

Marcar con X

<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non está incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas
<input type="checkbox"/>	Que me encontro facultado para actuar no nome da entidade que represento, de conformidade cos acordos adoptados para o efecto
<input type="checkbox"/>	Que non me atopo inhabilitado para contratar coas AA.PP. ou para obter subvencións das mesmas
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento áchase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonomía e Deputación Provincial, en non é debedora por resolución de procedencia de reintegro
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación cantidades anteriores concedidas pola Deputación Provincial
<input type="checkbox"/>	Que a distancia a capitalidade ou núcleo urbano mais próximo que declaro na solicitude é certa
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
<input type="checkbox"/>	Que a entidade que represento, non ten feita a actuación ou adquisición con anterioridade á solicitude de axuda

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VIII
LIÑA 1

LIÑA 1

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E POSTA EN VALOR DOS CENTROS SOCICULTURAIS DA PROVINCIA

RELACIÓN DAS PARCELAS QUE SERVE O CAMIÑO (so no caso de que serve a fincas)

O que subscribe, con DNI _____, na súa calidade de representante legal da:

Nome da entidade:

C.I.F. DA ENTIDADE:

Na casilla da explotación indicárase o seu número segundo o proxecto ou memoria valorada, (apartado d), se é de un particular deixala en branco

Nº	concello	Polig.	Parcela	Sup. (m ²)	explotación
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					
26					
27					
28					
29					
30					
TOTAIS:	Nº DE PARCELAS:			SUPERFICIE TOTAL PARCELAS (m ²):	

Nº	concello	Polig.	Parcela	Sup. (m ²)	explotación
31					
32					
33					
34					
35					
36					
37					
38					
39					
40					
41					
42					
43					
44					
45					
46					
47					
48					
49					
50					
51					
52					
53					
54					
55					
56					
57					
58					
59					
60					

En _____, a _____ de _____ de 2016

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR PARA A XUSTIFICACIÓN DO GASTO PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR (marcar con X)

<input type="checkbox"/>	Instancia (anexo II)
<input type="checkbox"/>	Memoria xustificativa da realización do proxecto ou actividade mais dossier fotográfico(anexo III)
<input type="checkbox"/>	Acreditación de inclusión do cartel informativo, mais a fotografía (anexo IV)
<input type="checkbox"/>	Declaración de realización da actividade (anexo V)
<input type="checkbox"/>	Xustificantes de gasto (anexo VI)
<input type="checkbox"/>	Relación das facturas ou documentos equivalentes (orixinais) (anexo VI-bis)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do representante sobre a utilización do anticipo (anexo VI-tris)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do representante (anexo VII)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de outras axudas (anexo VIII)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de non recuperación do IVE (anexo IX)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable de destinar os bens ó fin concreto (anexo X)



INSTANCIA

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA PARA ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Nº EXPEDIENTE	a cubrir polo usuario	a cubrir pola admón
---------------	-----------------------	---------------------

D/Dª. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____

EXPÓN:

Que á entidade que represento, foille concedida pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, unha subvención co número de expediente enriba mencionado

Tendo en conta as bases para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para o programa de mellora da mobilidade rural e a posta en valor dos centros socioculturais da provincia de Lugo, do ano 2016.

SOLICITO:

Que sexa admitida a documentación que se achega como xustificación da subvención concedida para a execución da obra ou actuación denominada _____

En _____, a ____ de _____ de 2017

Asdo: _____



PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA
PROVINCIA DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA REALIZACIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE MAIS DOSIER FOTOGRÁFICO

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade que represento executou a
obra ou actuación subvencionada co núm. de expediente _____, segundo a seguinte memoria explicativa

DESCRIPCIÓN XERAL
características
destinatarios
Incidencias existentes
Nivel de logro de obxetivos
PECHE ORZAMENTARIO
Custo total da actividade
Melloras que se formulan

***Achégase dosier fotográfico das actuacións realizadas**

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

*Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais*

ANEXO IV

**PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA
PROVINCIA DE LUGO**

**ACREDITACIÓN DE INCLUSIÓN DO CARTEL INFORMATIVO FACILITADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
NA REALIZACIÓN DA OBRA OU PROXECTO**

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, declaro que se fixo constar na obra ou proxecto subvencionado o cartel indicativo
de que foi patrocinada pola Deputación Provincial de Lugo, dentro do programa de concesión de subvencións en
réxime de concorrencia competitiva para a mellora da mobilidade rural e a posta en valor dos centros socioculturais
da provincia de Lugo. Ano 2016

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo, á entidade que
represento; mediante o acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración.

***Achégase mostra fotográfica da colocación do cartel**

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO V

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO

DECLARACIÓN DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, declaro baixo a miña responsabilidade que:

A obra ou actuación subvencionada denominada _____,
para que a Deputación Provincial de Lugo lle concedeu unha subvención polo importe de _____ €,
segundo acordo da Xunta de Goberno, foi realizada na súa totalidade de acordo co proxecto ou memoria
presentado/a e cumprida a finalidade para a cal se lle outorgou a axuda, cumprindo as condicións que orixinaron a
concesión daquela

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo, á entidade que
represento; mediante o acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración.

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____

**DEPUTACIÓN DE LUGO***Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais***ANEXO VI****PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAIS DA
PROVINCIA DE LUGO****XUSTIFICANTES DO GASTO**

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, a efectos de xustificación da subvención, concedida pola Deputación Provincial de
Lugo mediante acordo da Xunta de Goberno, para a realización da obra ou actuación denominada
_____, polo importe de
_____ €, co seguinte desglose.

IMPORTE TOTAL DOS GASTOS SUBVENCIONABLES	BASE	IVE	TOTAL

Acompáñanse os seguintes documentos: (sinalar cunha X)

Certificación de obra ou actuación expedida por técnico coa titulación competente (xunto coas facturas ou documentos acreditativos de ditos gastos referentes a esa certificación anexo VI-bis, é xustificantes de pago)

Relación de gastos. Segundo o anexo VI-bis de relación clasificada de gastos na actividade subvencionada que se achega así como as facturas ou documentos acreditativos de ditos gastos xunto cos xustificantes de pago.

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VI-tris

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO

ANTICIPO

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade que:

Con data _____, recibín por parte da Deputación Provincial, un anticipo da subvención por un importe de
_____, euros, destinada á realización da obra ou actuación para a que se solicitou a subvención.

(* sinalar con unha X o que proceda)

Esta cantidade, destinouse exclusivamente ó pago dos gastos da obra ou actuación subvencionada, segundo o anexo VI-bis.

Non se esgotou a cantidade anticipada segundo o anexo VI-bis, polo que con data _____ procedeuse ó reintegro da cantidade sobrance na conta da Deputación (achegase xustificante da transferencia).

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VII

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SUBVENCIONADA

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, a efectos de xustificación da subvención, concedida pola Deputación Provincial de
Lugo mediante acordo da Xunta de Goberno, para a realización da obra ou actuación denominada
_____, polo importe de
_____ €.

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade (riscar o que non se cumpra)

- Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas citadas obras ou actuacións.
- Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado
- Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida da Deputación, non superou o custo da obra ou actuación realizada.
- Que non existiu alteración durante a realización da obra ou actuación das condicións tidas en conta, por este organismo provincial, para a concesión da subvención outorgada.
- Que a entidade que eu represento non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Que a entidade que represento non ten pendentes de xustificación subvencións anteriores concedidas pola Deputación de Lugo

Para que conste, ante a Deputación Provincial de Lugo; asino esta declaración

En _____, a ____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO VIII

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE OUTRAS AXUDAS

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, a efectos de xustificación da subvención, concedida pola Deputación Provincial de
Lugo mediante acordo da Xunta de Goberno, para a realización da obra ou actuación denominada
_____, polo importe de
_____ €.

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade (riscar o que non se cumpra)

- Que non estou incurso eu nin a entidade que represento en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas.
- Que me encontro facultado para actuar no nome da entidade que represento, de conformidade cos acordos adoptados ao efecto.
- Que tanto eu como a entidade que represento achámonos ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non temos pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonómica e Deputación.
- Que estamos ao corrente de todas as obrigas fiscais.
- Que a entidade que eu represento non ten solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidade públicas para a mesma finalidade.

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración.

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO IX

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON RECUPERACIÓN DO IVE

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, a efectos de xustificación da subvención, concedida pola Deputación Provincial de
Lugo mediante acordo da Xunta de Goberno, para a realización da obra ou actuación denominada
_____, polo importe de
_____ €.

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade

Que a entidade que represento asumiu o custo do "imposto sobre valor engadido (IVE)", derivado da realización da obra ou actuación denominada: _____, para a que a Deputación Provincial de Lugo lle concedeu unha subvención por importe de _____ €, dentro do programa de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a mellora da mobilidade rural e a posta en valor dos centros socioculturais da provincia de Lugo, do ano 2016 por "non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo".

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración.

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____



DEPUTACIÓN DE LUGO

Cooperación e asistencia ós concellos
Unidade de plans especiais

ANEXO X

PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE RURAL, E A POSTA EN VALOR CENTROS SOCIOCULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DESTINAR OS BENS Ó FIN CONCRETO

D/D^a. _____, con DNI. _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____,
teléfono _____, no concello de _____ na súa calidade de
representante legal da entidade _____, con
CIF: _____, a efectos de xustificación da subvención, concedida pola Deputación Provincial de
Lugo mediante acordo da Xunta de Goberno, para a realización da obra ou actuación denominada
_____, polo importe de
_____ €.

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade

Que no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, de que os mesmos serán destinados ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscritibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo a comunidade que represento; mediante acordo da Xunta de Goberno; asino esta declaración.

En _____, a _____ de _____ de 2017

Asdo: _____